



INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DECRETO POLO QUE SE REGULA O DEPORTE DE ALTO NIVEL, DE ALTO RENDEMENTO E DE RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE DE GALICIA.

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1.- Marco normativo

O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia da promoción do deporte e axeitada utilización do ocio.

Ao abeiro desta competencia aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte en Galicia, que ten por obxecto a promoción e a coordinación do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a ordenación do seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte, ven establecido no seu artigo 4.g), entre os principios xerais conforme aos que as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte.

Así mesmo, entre as competencias da Comunidade Autónoma establecidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, o artigo 5.1., letras m) e q), están as de “regular e fomentar o deporte e os deportistas de alto nivel de Galicia e as categorías de deportistas, así como os requisitos para ser incluídos nestas e os seus beneficios”, e “establecer e, no seu caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma.





Ningunha instalación que non sexa recoñecida pola Administración autonómica poderá utilizar as denominacións establecidas por ela neste ámbito”.

O Título IV da Lei 3/2012, do 2 de abril, que regula os axentes da actividade deportiva, establece no artigo 32.2 que “atendendo a criterios de rendemento e mérito deportivo, os deportistas poderán ser de alto nivel ou doutras categorías que poidan establecerse regulamentariamente”. De acordo co artigo 34 “1. Terán a consideración de deportistas galegos de alto nivel, ou doutras categorías que se poidan establecer, aqueles deportistas que reúnan os requisitos establecidos regulamentariamente e sexan recoñecidos como tales pola Administración autonómica en función dos seus resultados, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego. 2. A Administración autonómica establecerá as formas de apoio para estes deportistas galegos, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta”. Pola súa banda, o artigo 35 establece que “En función dos intereses deportivos da Comunidade Autónoma, poderán ser declarados de alto nivel os técnicos, adestradores e árbitros en función dos mesmos criterios de interese deportivo a que se refire o artigo anterior”.

A continuación, no artigo 36 quedan recollidos os beneficios dos deportistas de alto nivel, establecendo que a súa concreción, extensión e colectivos aos que se apliquen, determinaranse regulamentariamente en atención á relevancia, repercusión social e oportunidade da respectiva actividade, así como aos obxectivos deportivos da Administración galega. Así mesmo, regulamentariamente poderá establecerse a condición vitalicia de deportista galego de alto nivel para aqueles que se caracterizasen especialmente por elevar o nivel do deporte galego ou a representación deportiva de Galicia, no marco da función honorífica da Xunta de Galicia.

O Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos Deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes, e a Orde de 30 de maio de 2005 pola que se establecen os requisitos deportivos para o acceso á condición de deportista galego de alto nivel, ditados en desenvolvemento da xa derogada Lei 11/1997, xeral do deporte de Galicia, regularon o procedemento e os criterios para a obtención da condición de deportista galego de alto nivel, así como os beneficios dirixidos a eles.

2. Necesidade, acerto e oportunidade

Respectando o marco normativo, a regulación prevista neste proxecto responde á necesidade de desenvolver regulamentariamente as previsións da Lei 3/2012, do 2 de





abril, atendendo tanto á experiencia adquirida como á evolución da realidade deportiva competitiva vivida nestes anos e ás propias demandas de entidades e persoas deportistas. Esta nova regulación responde por tanto á necesidade de adecuación á nova lei na materia, así como á adecuación ás actuais necesidades do sector deportivo, co obxecto de que permita asentarse unhas bases sólidas para o desenvolvemento da alta competición deportiva en Galicia.

3.- Contido

Este decreto estrutúrase en seis capítulos, cun total de cincuenta e oito artigos, cinco disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

O capítulo I regula o obxecto e definicións e o alto nivel, o alto rendemento deportivo e o rendemento deportivo de base.

O Capítulo II, “Das condicións de alto nivel e de alto rendemento deportivo”, estrutúrase en catro seccións. A sección primeira regula os requisitos e procedemento, a sección segunda regula a vixencia, renovación, suspensión e perda do recoñecemento da condición, a sección terceira está adicada aos beneficios e obrigas derivados do recoñecemento da condición de alto nivel de de alto rendemento deportivo, establecendo as regras xerais e os beneficios nos eidos educativo, laboral, beneficios económicos e outros, e finalmente, a sección cuarta establece as obrigas derivadas do recoñecemento. As novidades introducidas respecto da regulación anterior inclúen a apertura da condición de alto nivel aos técnicos/as-adestradores e aos xuíces e árbitros, a posibilidade de que os interesados soliciten o recoñecemento en calquera momento do ano, a eventual condición vitalicia do alto nivel ou, entre outras, unha máis efectiva relación dos beneficios e obrigas asociadas ás condicións de alto nivel e alto rendemento deportivo.

O capítulo III está adicado á regulación do rendemento deportivo de base, incluíndo a condición de persoa deportista de rendemento deportivo de base, vixencia do recoñecemento e réxime aplicable.

O capítulo IV, *Dos centros de alto nivel deportivo*, establece o concepto, requisitos e procedemento para o recoñecemento dos centros de algo nivel deportivo de titularidade autonómica e núcleos de adestramento deportivo especializado, así como as obrigas e beneficios destes centros.

O capítulo V regula a creación da Oficina de atención deportiva e as súas funcións.





O capítulo VI regula a Comisión Galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, como órgano colexiado adscrito ao órgano superior da Administración autonómica con competencias en materia de deportes, a súa composición e funcións.

A disposición adicional primeira encomenda á Fundación Deporte Galego a posta en marcha da Oficina de Atención ao Deportista. A disposición adicional segunda reconece ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva como centro galego de alto nivel. A disposición adicional terceira recolle o recoñecemento equivalente por outras comunidades autónomas. A disposición adicional cuarta regula a actualización de modelos normalizados. A disposición adicional quinta recolle a información básica sobre protección de datos persoais.

As catro disposicións transitorias regulan o mantemento de criterios técnico-deportivos para o recoñecemento de deportista de alto nivel ata que non se proceda ao previsto neste decreto, o mantemento do recoñecemento aos deportistas de alto nivel ao amparo da normativa anterior, o sometemento á normativa anterior ao presente decreto dos procedementos iniciados antes da entrada en vigor e o nomeamento e mandato dos membros da Comisión Galega de Avaliación do Alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base.

A disposición derogatoria contempla a derogación das normas que resultan afectadas por esta norma.

Modifícase por disposición derradeira primeira o Decreto 254/2012 do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Modifícase por disposición derradeira segunda o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva. As disposicións derradeiras terceira e cuarta están referidas á habilitación para o desenvolvemento normativo e a entrada en vigor da norma.

4.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Proposta da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de designación da Secretaría Xeral para o Deporte como unidade impulsora
- Proposta da Consellería de Facenda de designación da Secretaría Xeral para o Deporte como unidade impulsora, 04/07/2018
- Proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de designación da Secretaría Xeral para o Deporte como unidade impulsora
- Proposta de designación da Consellería de Política Social de designación da Secretaría Xeral para o Deporte como unidade impulsora
- Designación polo Vicepresidente e Conselleiro de Administracións Públicas e Xustiza, da Secretaría Xeral para o Deporte como unidade impulsora do proxecto, 12/07/2018
- Acordo da Secretaría Xeral para o Deporte de elaboración do anteprojecto, 19/07/2018
- Remisión previa á Consellería de Facenda, 12/04/2019, e observacións formuladas o 17/04/2019
- Remisión previa á Consellería de Política Social, 12/04/2019
- Remisión previa á Consellería de Economía e Industria, 12/04/2019
- Remisión previa á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 12/04/2019
- Memoria económica do 23/04/2019, nova memoria económica do 20/11/2019 e memoria económica complementaria do 16/01/2020
- Táboa de vixencias do 23/04/2019
- Memoria xustificativa do 24/05/2019 e nova memoria xustificativa do 20/11/2019
- Certificado consulta pública previa 16/05/2019
- Resolución de inicio do 20/05/2019
- Informe Servizo apoio técnico, 05/06/2019
- Resolución de inicio do 13/11/2019
- Resolución aprobación inicial 26/11/2019
- Certificado publicación Portal de Transparencia e Goberno aberto entre o 26/07/2019 e o 15/08/2019 e Certificado publicación Portal de Transparencia e Goberno aberto entre o 27/11/2019 e o 19/12/2019
- Resolución aprobación inicial 26/11/2019
- Trámite de audiencia. Xustificantes de envío. Memoria 07/01/2020
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 15/01/2020
- Informe Secretaría Xeral de Universidades, do 28/02/2020





- Informe Consello Galego de Universidades, do 15/06/2020
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 20/10/2018 e novo informe do 10/02/2020
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e Amtega, do 11/02/2020
- Informe Consello Escolar de Galicia, do 12/03/2020
- Informe Consello Galego de Formación Profesional, do 13/03/2020
- Informe Consello Galego de Universidades, do 15/06/2020
- Informe Dirección Xeral da Función Pública, do 19/06/2020
- Memoria do tratamento dado ás observacións da Dirección Xeral da Función Pública e Consello Galego de Universidades, do 22/06/2020
- Memoria xustificativa do tratamento dado ás observacións formuladas nos informes recibidos, do 11/02/2020
- Informe da Asesoría Xurídica do 02/07/2020, e se aceptan parcialmente as súas observacións

O expediente incorpora unha memoria da Subdirección xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte, do tratamento dado ás observacións formuladas pola Asesoría Xurídica.

En virtude do exposto, emítase o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia
P.S. (Decreto 76/2017, do 28 de xullo; DOG 10 de agosto)
O vicesecretario xeral

Jesús Navazo Ruiz

